



## RESOLUCIÓN DA CONVOCATORIA DO CONCURSO PARA A ELABORACIÓN DA EXPOSICIÓN SOBRE FRANCISCO FERNÁNDEZ DEL RIEGO, O AUTOR HOMENAXEADO O DÍA DAS LETRAS GALEGAS 2023

### FEITOS

- 1 A Secretaría Xeral de Política Lingüística da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades convocou un concurso para elaborar unha exposición sobre a obra, a época e a lingua de Francisco Fernández del Riego, o autor homenaxeado no Día das Letras Galegas 2023, e/ou sobre a situación sociolingüística da etapa histórica na que esta viviu.
- 2 O obxecto deste certame foi a elaboración dunha exposición de 10 carteis sobre Francisco Fernández del Riego e dun caderno didáctico que guíe a observación dos carteis e fomenta o labor de investigación do alumnado sobre a obra, a época, a lingua e a etapa sociolingüística do autor homenaxeado.
- 3 Neste certame puideron participar todos os centros docentes de ensino público non universitario dependentes da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e e Universidades.
- 4 A convocatoria estableceu dúas categorías:  
Categoría A: para os centros de educación infantil e primaria.  
Categoría B: para os centros de educación secundaria obrigatoria, bacharelato, formación profesional e ensinanzas de réxime especial.

### CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

- 1 A xestión da convocatoria realizouse conforme as bases da convocatoria, establecidas na Resolución da Secretaría Xeral de Política Lingüística da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades pola que se aproban as bases e se convoca o concurso para elaborar a exposición sobre Francisco Fernández del Riego, o autor homenaxeado o Día das Letras Galegas 2023.



Unha vez recibido o ditame da Comisión de Selección, que valorou os traballos presentados de acordo cos criterios de selección establecidos na base 11 da convocatoria,

RESOLVO:

- 1 Agradecerlles a todos os centros participantes o seu traballo e esforzo.
- 2 Declarar gañador do concurso na categoría A a exposición ***Desde a fiesta de don Paco***, elaborada polo **CEIP Juan Rey, de Lourenzá (Lugo)**, que recibirá o premio establecido na base 4.
- 3 Declarar gañador do concurso na categoría B a exposición ***Camiñando con Ramón Sanfiz, coñecemos a Francisco Fernández del Riego***, do **IES Castelao**, de Vigo (Pontevedra), que recibirá o premio establecido na base 4.

Asinado dixitalmente en Santiago de Compostela

O secretario xeral de Política Lingüística

Valentín García Gómez

